



BASES DE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA 2022

1. *Obxecto da convocatoria*

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal mediante o sistema de oposición de 5 peóns perceptores da RISGA inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas, segundo subvención concedida ao abeiro Orde do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, publicada no DOG nº 21 do 1 de febreiro de 2022 para levar a cabo a obra "ADECENTAMENTO DE ESPAZOS URBANOS DO CONCELLO DA ESTRADA".

2. *Condicións*

Modalidade contractual: contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (D.A 9º do Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Emprego , modificado polo Real Decreto 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo)

Duración do contrato: 9 meses

Xornada: 75% (parcial)

Retibucións: Percibirá a cantidade mensual de 1.201,78 euros por todos os conceptos, incluída a parte correspondente das pagas extraordinarias.

3. *Requisitos dos aspirantes*

Para poder participar nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público:

1. Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
 - As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros





- estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
2. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
 3. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
 4. Non ter sido separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.
 5. Ter a condición de persoas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas, e en todo caso ser receptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA). Estas condicións cumpriranse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
 6. Figurar na listaxe de candidatos remitidos pola Oficina de emprego de A Estrada.

4. Procedemento de selección

O procedemento de selección realizarase tal e como esixe o artigo 13 da Orde do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade,

O concello da Estrada remitirá unha oferta de emprego específica do programa de contratación de persoas beneficiarias da RISGA á oficina de emprego da Estrada, para que lle remita un mínimo de 5 candidatos/as por cada posto ofertado, sendo esta oficina responsable de preseleccionar aos/ás candidatos/as que cumpran os requisitos sinalados nas correspondentes ofertas.

A oficina de emprego comunicará aos/ás candidatos/as o lugar, día e hora na que deberán asistir para realizar a selección orientada a cubrir a oferta de emprego formulada, indicándolles que deberán presentar con anterioridade á data fixada para a selección, a documentación que acredite os méritos que alegue o/a aspirante.

5. Solicitudes de admisión y prazo presentación

As persoas demandantes de emprego que figuren na relación da oficina pública de emprego que desexen tomar parte no proceso selectivo deberá presentar como mínimo con dous días de antelación á data fixada para a realización da selección no Rexistro Xeral do Concello, a seguinte documentación:





- Solicitude de participación (Anexo)
- Fotocopia do DNI ou documento acreditativo da súa identidade.
- Xustificante de coñecemento da lingua galega (Celga 2 ou equivalente), de posuílo.
- Autorización asinada para solicitar ao departamento de servizos sociais informe da situación de exclusión social.
- Autorización asinada para solicitar volante de convivencia ao Departamento de Estatística do Concello.
- Documentación acreditativa para valoración dos criterios de preferencia.

Aos efectos anteriores, admitirase fotocopia simple, sen prexuízo do seu cotexo posterior co orixinal unha vez efectuada a proposta de contratación.

6. Tribunal calificador

De acordo co artigo 13.c da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade, á que se remite a convocatoria, a selección de traballadores/as que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Emprego e Igualdade,, da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, cando o ámbito territorial da entidade beneficiaria estea comprendido dentro das súas demarcacións para a intervención, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concurra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorresen á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

7. Baremación de criterios de preferencia (Non eliminatória e puntuable: máximo 8 puntos).

A puntuación máxima por este apartado non poderá superar os 8 puntos.

Criterios específicos:

En función do recollido no artigo 13.d da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade, á que se remite a convocatoria, terán preferencia as persoas que teñan un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.





Estes criterios de preferencia serán puntuados do seguinte xeito:

- * Por ser maiores de 45 anos: 2 puntos.
- * Por ser perceptoras da Risga que teñan asinado un proxecto de inserción de carácter laboral: 2 puntos.
- * Por ter cargas familiares: Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por éstas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de 0,50 puntos por cada persoa a cargo, ata un máximo de 2 puntos, previa acreditación documental.

Para a valoración dos criterios de preferencia terase en conta a seguinte documentación:

- A idade mediante o DNI ou documento acreditativo da súa identidade.
- A información relativa a sinatura dun proxecto de inserción de carácter laboral e as cargas familiares, mediante informe emitido de oficio polos servizos sociais do Concello da Estrada, no que consten de maneira fidedigna estes datos a efectos da súa valoración por parte do Tribunal, sen prexuízo doutros documentos que poidan solicitar aos candidatos/as a efectos de valorar os criterios preferentes. (Anexo I)
- As cargas familiares poderá acreditarse co Libro de familia, certificado/volante de convivencia, certificados de pensións, certificados da oficina de emprego, etc. (Anexo II).

Tempo de desemprego:

Por cada mes completo en situación de desemprego inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia, valorarse 0,10 puntos. Acreditarase este aspecto coa presentación do Informe de Períodos de Inscripción emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia. A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos.

8. Exercicios obrigatorios

As persoas aspirantes presentaranse na data, hora e lugar fixado ao efecto, co gallo de realizar unha proba que constará de dúas partes:

Parte teórica:

Consistirá en contestar 3 preguntas curtas oralmente. As preguntas serán formuladas polas persoas membros do tribunal e versarán sobre cuestións recollidas no temario que figura como anexo.

Parte práctica:

Consistirá en realizar as probas que determinen as persoas membros do tribunal sobre labores propias do posto, e á vista do temario que figura como anexo.





Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición serán cualificados de 0 a 10 puntos (a excepción da proba de galego). Para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte será necesario obter unha puntuación mínima de cinco puntos. A cualificación final será a suma das cualificacións parciais obtidas polas persoas aspirantes que fosen superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios. A orde de colocación das persoas aspirantes na lista definitiva de persoas aprobadas establecerase de maior a menor puntuación.

Proba de galego

As persoas aspirantes que non realicen a proba teórica en lingua galega terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento ou presentar o correspondente certificado (Celga 2, iniciación, certificado de escola de idiomas ou equivalente).

A proba consistirá na realización dunha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Cualificaranse como aptas as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

9. Publicación dos resultados

Rematados os exercicios obrigatorios, o Tribunal puntuará os méritos e publicará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación. As persoas que consigan maior puntuación serán propostas ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalicen os contratos. Non se poderá propoñer a máis dunha persoa por praza convocada.

O tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio. Se isto non fora suficiente, resolverase tendo en conta a puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

Elaborarase unha lista de suplentes con todas as persoas aspirantes que superen as dúas partes do exercicio obrigatorio, por orde decrecente de puntuación, de xeito que a mesma sirva para aqueles supostos en que sexa preciso realizar unha nova contratación, no caso de que algún dos aspirantes inicialmente propostos para a súa contratación renunciase á mesma ou non acreditase esta en posesión dos requisitos esixidos, ou no caso de renuncia, etc.

No caso de quedar deserto ou incompleto o proceso selectivo, o Alcalde queda autorizado a convocalo novamente canteas veces fora necesario, remitindo ampliación de oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de conformidade coas presentes bases.

10. Formalización dos contratos

Os aspirantes propostos ademais de cumprir os requisitos esixidos nestas Bases, deberán presentar, antes da formalización do contrato a seguinte documentación:





- Certificado/ Informe médico de que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver.
- Número da Seguridade Social (tarxeta sanitaria)
- Certificado de conta bancario co código IBAN.

11. Protección de datos

Os/as aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos). Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello da Estrada, con sede en Praza da Constitución nº1, 36680 A Estrada (Pontevedra), onde poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e no seu caso o de oposición.

12. Carácter vinculante das bases

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

13. Incidencias e recursos

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na páxina web www.aestrada.gal, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).





ANEXO TEMARIO

- 1.- Constitución. Estrutura.
- 2.- O Municipio: concepto e elementos. Servizos mínimos.
- 3.- A función pública local: clases de funcionarios.
- 4.- Materiais de construción. Tipos, características e usos.
- 5.- Utensilios e maquinaria máis frecuente utilizada en xardinería: Características e utilidades de cada un.
- 6.- Mantemento das instalacións e infraestruturas municipais.
- 7.- Utensilios e maquinaria máis frecuente utilizada en albanelaría e fontanaría. Características e utilidades de cada un.
- 8.- Traballos con rozadora. Medios auxiliares, equipos e ferramentas.
- 9.- Medidas preventivas a adoptar no traballo. Actuación en caso de accidente.
- 10.- Prevención de Riscos Laborais. Obrigas do/as traballadores/as. Equipos de protección individual.

A Estrada, á data da sinatura dixital

O ALCALDE

José C. López Campos

Asinado dixitalmente á marxe





SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 5 PEÓNS (RISGA 2022)

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

e, na súa representación:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

Enderezo para os efectos de notificación:

Lugar/rúa:		Núm.:		Andar:		Porta:	
Parroquia:		Código postal:		Concello:			
Provincia:		Teléfono de contacto:		Correo electrónico:			

EXPOÑO:

Que fun Convocado/a polo Servizo Público de Emprego no proceso de selección do Concello da Estrada para a contratación laboral temporal, 5 peóns perceptores de Risga

Que reúno todas as condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Que xuro/prometo que non me separaron do servizo das administracións públicas nin estou inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Que xuro/prometo que non estou incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade conforme a lei vixente.

Por isto, SOLICITO:

Que se me admita para realizar as probas do proceso selectivo indicado.

ANEXOS:

- Fotocopia do documento nacional de identidade.
- Autorización asinada para o departamento de servizos sociais
- Autorización asinada para o Departamento de Estatística do Concello.
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 2 ou equivalente).
- Documentación acreditativa para valoración dos criterios de preferencia.

A Estrada, a de 2022

(Firma do/a interesado/a)





ANEXO I

AUTORIZACIÓN PARA EMISIÓN INFORME SERVIZOS SOCIAIS SOBRE SITUACIÓN DE
EXCLUSIÓN SOCIAL

D/DNA. _____ con DNI _____

AUTORIZO ao Concello da Estrada, a solicitar no meu nome ao Departamento de Servizos Sociais un Informe da miña situación de exclusión social.

Na Estrada, __de _____ de 2022

Asdo.





ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA EMISIÓN VOLANTE CONVIVENCIA DEPARTAMENTO DE ESTADÍSTICA

D/DNA. _____ con DNI
_____ **AUTORIZO** ao Concello da Estrada, a solicitar no meu nome ao
Departamento de Estatística volante de convivencia.

Na Estrada, __ de _____ de 2022

Asdo.

